

PLAN DE CONVIVENCIA

CEEPR Aspace Coruña

Novembro 2022

ÍNDICE:

- 1.- Introducción
 - 1.1.- Referencias legislativas

- 2.- Características e contexto do centro en relación á convivencia
 - 2.1.- Alumnado
 - 2.2.- Persoal
 - 2.3.- Familias

- 3.- Principios xerais da convivencia escolar

- 4.- Dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa
 - 4.1.- Dereitos
 - 4.1.1.- Dos alumnos/as
 - 4.1.2.- Dos pais/nais/titores legais
 - 4.1.3.- Do Centro
 - 4.2.- Obrigas
 - 4.2.1.- Dos alumnos/as
 - 4.2.2.- Dos pais/nais/titores legais
 - 4.2.3.- Do centro

- 5.- Promoción da convivencia
 - 5.1.- Valores da convivencia
 - 5.2.- Factores que inciden no clima de convivencia
 - 5.2.1.- Características do alumnado
 - 5.2.2.- Coordinación entre o persoal
 - 5.2.3.- Coordinación coas familias
 - 5.3.- Pautas básicas entre o persoal
 - 5.4.- Obxectivos do plan de convivencia
 - 5.5.- Pautas de actuación ante conductas disruptivas

- 6.- Axentes responsables da convivencia escolar
 - 6.1.- Consello Escolar
 - 6.2.- Claustro de profesores
 - 6.3.- A dirección
 - 6.4.- Outros profesionais do centro
 - 6.5.- Os pais/nais/titores legais

- 7.- A comisión de convivencia
 - 7.1.- Plan de convivencia

1.- INTRODUCCIÓN

Conforme se establece no artigo 124 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollerán as medidas correctoras aplicables no caso de incumprimento das normas de convivencia, considerando que estas son de obrigado cumprimento, e as medidas correctoras serán proporcionadas ás faltas cometidas e terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de tódolos membros da comunidade educativa.

Así mesmo esta lei indícanos que o obxectivo principal do plan de convivencia é a educación no respecto, nos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos entre homes e mulleres, na igualdade de trato e a non discriminación das persoas con discapacidade, no exercicio da tolerancia e a liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.

O CEEPR Aspace elabora o seu plan de convivencia conforme o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que basa dito plan en medidas educativas e reparadoras que favorezan a convivencia positiva fronte ás medidas correctoras. Tendo en conta que nos atopamos nun centro de Educación Especial, buscamos medidas educativas e de recondución como resposta a xestión de conflitos.

1.1.- REFERENCIAS LEGISLATIVAS

No eido internacional:

- Declaración Universal de Dereitos Humanos: establécese como o ideal común polo que todos os pobos e nacións deben esforzarse en promover o respecto os dereitos e liberdades.
- Convención dos Dereitos do Neno: recoñece o dereito da infancia a ser protexida por todo o persoal das institucións educativas contra todo xeito de abuso e/ou prexuízo.
- Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade: recoñece que os nenos e nenas con discapacidade deben gozar

plenamente de tódolos dereitos humanos e das liberdades fundamentais en igualdade de condicións.

No eido nacional:

- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: recolle no capítulo I un amplo apartado dedicado ao traballo de sensibilización, prevención e intervención dende o ámbito educativo.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: recoñece como fins da educación: o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado, a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como a valoración crítica das desigualdades. Propón o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia: recolle no seu artigo 35 a creación dunha figura que coordine o benestar e a protección ao alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección ou titularidade do centro.

No eido autonómico:

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa: parte da convicción de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo, non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006,

do 3 de maio, de educación: supón un importante avance para o impulso da atención á diversidade dende unha perspectiva de convivencia positiva.

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar: define ésta como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto e de solidariedade mutua. Define o plan de convivencia como o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que se deben acadar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar para acadar os obxectivos planificados.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de

educación: desenvolveu os principios de convivencia e inclusión que trasladou o citado decreto.

2.- CARACTERÍSTICAS E CONTEXTO DO CENTRO EN RELACIÓN Á CONVIVENCIA

O centro educativo Aspace pertence á Asociación de Pais e Nais de Persoas con Parálise Cerebral de A Coruña (ASPACE).

O domicilio social está en Casteliño 24, lugar de Osedo, Sada, situándose a 3 km deste Concello e a 18 km da cidade de A Coruña.

Consta de 7 aulas, de igual tamaño, unha sala de fisioterapia, un gabinete de logopedia, 2 espazos para comedor dos alumnos/as, 3 aseos dos nenos/as, unha pequena cociña, unha sala de NNTT, 3 baños de persoal, 2 despachos, almacén, sala de xuntas, xardín exterior e un gran patio cuberto que é o espazo central do edificio. Existen servizos que dende Aspace poñen a disposición dos alumnos/as e que se

atopan no edificio principal, tales como a piscina e a sala Snoezelen. Actualmente están matriculados 28 alumnos.

Como pode ser extraído da descripción, o centro é pequeno, sendo os espazos fáciles de controlar con obxecto de garantir a seguridade. Ademáis, esto fomenta un clima familiar no que todos coñecemos ao alumnado, o que contribúe de forma positiva á educación dos nenos/as.

2.1.- ALUMNADO

O noso centro atende a nenos/as con idades comprendidas entre os 3 e os 21 anos e que teñen Parálise Cerebral ou unha patoloxía afín, entendendo que a PC é unha lesión no cerebro antes de que o seu desenvolvemento e crecemento sexan completos; é permanente, progresiva, irreversible, pero non dexenerativa, acompaña á persoa toda a súa vida. O alumnado sofre un dano na función motora que se traduce nunha desorde permanente e non inmutable do tono, a postura e o movemento. Esta lesión pode xerar cambios noutras funcións superiores (memoria, percepción, linguaxe, razoamento) que dependerá do tipo, localización, amplitude e disfunción da lesión neurolóxica, ou interferir no desenvolvemento do sistema nervioso central.

Por esta razón, o 44% do noso alumnado afronta un grao de discapacidade superior ó 90%; un 32% ten recoñecido un grao de discapacidade entre 80% e 89%; e a un 24% se lle recoñece un grao de discapacidade entre 70% e 79%.

Todos os nosos alumnos/as teñen Adaptacións Curriculares Significativas (ACIs) debido ó desfase que existe entre a súa idade cronolóxica e a súa idade cognitiva, e que ademáis afecta a tódalas áreas do currículum.

2.2.- PERSOAL

- Docente: desenvolven o labor docente 7 profesores de Educación Especial e unha profesora de apoio ao 84% da xornada.
- Non docente: neste apartado atopamos ao fisioterapeuta, á logopeda e a 3 coidadoras que completan a atención directa. A directora do centro tamén asume a función de orientadora.

- Outros: hai outros profesionais vinculados ao centro educativo, que financia a asociación, tales como: traballadora social, terapeuta ocupacional, médico de familia, neuróloga, DUE, persoal de administración, mantemento, actividade acuática e servizos xerais (lavandería, limpeza e cociña).

2.3.- FAMILIAS

Consideramos ás familias como unha parte fundamental do noso proxecto educativo e, por extensión, do plan de convivencia. A súa colaboración é estritamente necesaria para mellorar a calidade de vida dos nenos/as.

O nivel sociocultural das familias é variado; podemos atopar núcleos familiares estables e sen problemática social asociada, a familias desestructuradas con problemas sociais, así como alumnado pertencente a minorías étnicas ou inmigrantes.

3.- PRINCIPIOS XERAIS DA CONVIVENCIA ESCOLAR

A convivencia escolar no CEEPR Aspace inspírase nos seguintes principios:

- A inclusión de tódolos membros da comunidade educativa e o respecto polos seus dereitos e deberes.
- A participación e a responsabilidade compartida.
- O recoñecemento do labor e autoridade do profesorado e a dirección na convivencia escolar e a necesaria protección xurídica as súas funcións.
- O recoñecemento dos pais ou titores na educación dos seus fillos e a importancia da súa corresponsabilidade na construción dunha convivencia escolar positiva.
- A importancia do carácter educativo e preventivo para regular as accións relacionadas coa convivencia entre os membros da comunidade educativa.
- A autonomía dos centros para definir, impulsar e avaliar o seu propio marco de convivencia dentro das disposicións vixentes.
- O respecto polas normas do centro como marco de convivencia.
- A resolución pacífica dos conflitos para a mellora da convivencia no ámbito educativo.

- A coordinación e colaboración entre os distintos axentes educativos para un efectivo labor de construción dunha convivencia positiva.
- O rexeitamento a calquera forma de violencia.

4.- DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

4.1.- DEREITOS

4.1.1.- Dos alumnos/as

- Dereito a non ser discriminado por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal.
- Dereito á debida consideración no trato, tanto por parte do persoal como do resto dos alumnos/as.
- Dereito ao segredo profesional dos seus datos, historial sanitario e social.
- Dereito a realizar saídas ao exterior, contando coa autorización pertinente.
- Dereito á comunicación privada e persoal co exterior.
- Dereito a manter relacións interpersoais.
- Dereito a unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
- Dereito á intimidade persoal.
- Dereito a que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a tódalas necesidades persoais que sexan precisas para conseguir a súa plena inclusión.
- Dereito a deixar de utilizar os servizos ou abandonar o centro, contando coa autorización familiar.
- Dereito a recibir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto, o que exige unha xornada escolar planificada para as súas actividades.

- Dereito a utilizar as instalacións do centro, sempre que a programación educativa o permita, tomando as precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas e a conservación dos recursos.
- Dereito a recibir orientación escolar para conseguir o máximo desenvolvemento persoal e social dacordo coas súas capacidades, aspiracións e intereses.
- Dereito á protección de datos.

4.1.2.- Dos pais/nais/titores legais:

- Dereito a que os seus fillos/as reciban unha educación coas máximas garantías de calidade, en armonía cos fins establecidos na Constitución, na Comunidade Autónoma e nas leis educativas.
- Dereito a ser representados/as e recibir un trato axeitado polo resto da comunidade educativa.
- Dereito a estar informados periódicamente sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as, para o que se lles facilitará acceso ao profesorado.
- Dereito a recibir orientación escolar para conseguir o máximo desenvolvemento persoal e social, dacordo coas capacidades, aspiracións ou intereses dos seus fillos/as.
- Dereito a estar informados da organización e funcionamento do centro.
- Dereito a recibir información do alumno/a.
- Dereito a recibir información sobre recursos sociais e educativos: prestacións económicas, axudas técnicas, adaptacións, etc. por parte do persoal de Aspace.
- Dereito a expoñer as súas queixas ou desacordos nas canles habilitadas a tal fin.
- Dereito a participar no Consello Escolar.

4.1.3.- Do Centro:

- Dereito a facer cumprir as Normas de Organización e Funcionamento do centro.

- Dereito a facer cumprir os Estatutos da Asociación.
- Dereito a facer cumprir as leis de educación que lle compete.
- Dereito a convocar reunión cos representantes legais do alumno/a cando o estime conveniente.

4.2.- OBRIGAS

4.2.1.- Dos alumnos/as:

- Cumprir as normas sobre a utilización do centro que se establezan no NOF.
- Adoptar un comportamento inspirado no respecto, a tolerancia e a colaboración, encamiñado a facilitar unha mellor convivencia.
- Participar na vida do centro e naquelas actividades que sexan pertinentes en función das súas características persoais.
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa.
- Respetar a liberdade relixiosa e moral, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa. Respetar as normas de organización e convivencia do centro docente.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro. Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións, así como as zonas de xardín e repectar as pertenzas dos outros.
- Respetar o edificio, instalacións e materiais, xa que son de uso colectivo.
- Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.

4.2.2.- Dos pais/nais/titores legais:

- Facilitar a documentación que se precise para elaborar ou actualizar o expediente clínico, social e administrativo, cambios de medicación, etc.
- Informar de calquera alteración no alumno/a que poida interferir ou precise dunha atención específica no centro educativo.
- Coidar e velar polo alumno/a facilitando todo canto poida necesitar.

- Asumir a responsabilidade da atención directa cando a persoa precise de cuidados específicos: visitas médicas frecuentes, intervencións cirúrxicas, hospitalización, etc.
- Asistir ás reunións ás que sexan convocados.
- Aboar os importes das cuotas, así como os gastos realizados e alleos ao centro.
- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun bo ambiente escolar.
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa no centro.
- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

4.2.3.- Do Centro:

- Velar polo axeitado cumprimento dos obxectivos que persegue o centro.
- Ter ao día as ACIS, os rexistros, as programacións, as avaliacións e seguros.
- Contar con persoal cualificado como establece a lei e marca o concerto educativo.
- Redactar e facer cumprir o NOF.
- Estar debidamente rexistrado e autorizado.
- Convocar ao Consello Escolar cando é perceptivo.
- Levar un rexistro dos ingresos percibidos polos servizos e do destino das cantidades ingresadas.
- Facilitar información aos pais/nais/titores legais dos alumnos/as.

5.- PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA

5.1.- VALORES DA CONVIVENCIA

O CEEPR Aspace é un centro que reúne a un conxunto de persoas non moi numeroso, o que fai posible unha convivencia estreita donde tódalas persoas se coñecen, chámanse polo seu nome e donde cada un pode amosar e manifestar a súa

personalidade, opinión, sentimentos... sempre que se manteña unha actitude de respecto cara os outros.

Deste xeito é posible un traballo educativo próximo. Establécese un clima de traballo baseado en actividades variadas, favorecedoras do desenvolvemento das aptitudes individuais e centradas na persoa, adaptándonos ás necesidades educativas de cada alumno/a. Poténciase un ambiente de participación.

As normas fundamentais están baseadas no respecto aos demais, no respecto aos materiais e ás instalacións e na aceptación de que vivimos en grupo. O peso pónse na creación dun ambiente de confianza, que permita a expresión persoal e o diálogo. As interaccións cos alumnos/as, a motivación e a reacción ante as disrupcións son revisadas como fonte de prevención de conflitos. Desenvólvense medidas organizativas favorecedoras da detección precoz dos conflitos, así como a aplicación de solucións pacíficas.

En resumo, o clima educativo no que se desenvolven as actividades pedagóxicas facilita e fai de marco protector do ambiente de convivencia que se disfruta.

5.2.- FACTORES QUE INCIDEN NO CLIMA DE CONVIVENCIA

5.2.1.- Características do alumnado

O noso alumnado manifesta necesidades educativas especiais como consecuencia da discapacidade intelectual e cognitiva que presenta, que acompañan as deficiencias no sistema motor e/ou sensorial.

A discapacidade intelectual que reduce o nivel de comprensión das situacións sociais, e os déficits nas funcións de resolución de problemas, implican falla de planificación, percepción de consecuencias e dificultades no control de impulsos, que levan a aparición de condutas desadaptativas.

Entre os problemas máis frecuentes que atopamos no alumnado do CEEPR Aspace, están:

- A autolesión: é sen dúbida o comportamento máis grave polas súas implicacións tanto físicas como psicolóxicas. A devandita conduta consiste en causar un dano físico a un mesmo, xeralmente en forma de golpes, rascados,

mordeduras, tiróns do cabelo... Ás veces maniféstase como forma de reducir a ansiedade, pero tamén como forma comunicativa de frustración, unha chamada de atención ou rexeitamento.

- As esterotipias: conductas repetitivas que implican movementos do corpo ou partes del. Adoita ser unha forma de autoestimulación.
- Pequenas agresións e outras conductas violentas provocan danos, lesións ou malestar aos demais, e interfíren no clima do traballo educativo. Algunha destas conductas teñen a súa orixe en factores ambientais como o ruído excesivo, e outras teñen un carácter funcional ante un estímulo non desexado, e mesmo o aburrimiento. En casos particulares a orixe débese a predisposicións biolóxicas do organismo (fatiga, sono...). Pero a maioría das veces débense á falta doutras habilidades comunicativas e sociais para resolver situacións problemáticas.
- A desobediencia e a evitación: conductas que poden aparecer. Trátase de non seguir ordes, de reaccionar lentamente ou de forma negativa ou desproporcionada, negarse a facer algo, fuxir dunha situación, ignorar as normas e as rutinas. Este comportamento negativista-desafiante ten unhas connotacións especiais no noso tipo de alumnos/as: non existe unha intencionalidade consciente por parte do neno/a como forma de enfrontarse á autoridade, senón para evitar unha actividade desagradable, ou para obter un beneficio secundario, por exemplo, para chamar a atención ou comunicar rexeitamento ou disgusto.
- Os hábitos interpersoais inadecuados, como poden ser comer cousas non comestibles ou masturbarse en público, teñen a súa orixe na falta de habilidades sociais e comunicativas, ou unha consecución de reforzadores por parte do contexto.

5.2.2.- Coordinación entre o persoal

Atender as necesidades especiais que presenta o noso alumnado non se limita á labor docente. Pola súa problemática, ademáis do profesor, traballan con eles moitos

profesionais: fisioterapeuta, logopeda, coidadora, terapeuta ocupacional, traballadora social...

É moi importante traballar todos na mesma línea e que haxa unha boa comunicación para proporcionar unha resposta axeitada ás necesidades do alumno/a.

5.2.3.- Coordinación coas familias

Para poder traballar conxuntamente coas familias establécense varias canles de comunicación entre as partes:

- Diario Escolar: vai todos os días a casa. Nel recóllense as incidencias diarias do alumno/a; as familias, pola súa banda, poden escribir no Diario Escolar todas aquelas cousas que crean convintes para a comunicación diaria.
- Contacto telefónico: cando exista unha urxencia ou sexa necesario, empregárase esta canle para a comunicación.
- Ao longo do curso, calquera familia pode solicitar unha reunión co titor/a do seu fillo/a ou con aqueles profesionais que considere oportuno.
- Cando concurran situacións que así o aconsellen, poderán solicitarse xuntanzas coas familias para solventalas.
- Escola de país e nais: celébrase unha xuntanza mensual, na que se invita ás familias, e na que se abordan diversas temáticas. En ocasións, cóntase coa participación de persoas expertas externas ao centro educativo.

5.3.- PAUTAS BÁSICAS ENTRE O PERSOAL

Co fin de tratar de crear un ambiente de traballo agradable e para que as relacións do día a día sexan o máis cordiais posibles, propoñemos unhas pautas básicas de actuación:

- Debemos ser abertos e receptivos ás opinións e suxestións doutros compañeiros.
- Evitar discusións e rifas.
- Non gardar información dun alumno/a que pode afectar a outras persoas ou departamentos.
- Debemos estar abertos ao traballo en equipo.

- Debemos evitar críticas respecto dos demais compañeiros, do seu traballo ou de calquera outro aspecto que poida causar molestias. As únicas críticas admisibles serán as constructivas.
- Non atribuírnos méritos por traballos, proxectos ou logros que non son totalmente nosos, hai que ter en conta ao resto dos compañeiros que participaron.
- Deixar as zonas comúns ordenadas despois de rematar unha actividade.
- Promover o diálogo como factor favorecedor da prevención e resolución de conflitos en tódalas actuacións educativas.
- Non desautorizar a ningún membro da comunidade educativa diante dun alumno/a.

5.4.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O obxectivo principal que persegue o CEEPR Aspace é acadar un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación aberta, para unha relación harmoniosa entre os distintos actores da comunidade educativa.

Con este plan de convivencia preténdese:

- Crear un clima de convivencia adecuado para o desenvolvemento da nosa actividade educativa.
- Coordinar a tódolos membros da comunidade educativa para crear dito clima.
- Adecuar as normas de convivencia ás características particulares dos nosos alumnos/as.
- Tomar unha liña de actuación coherente ante as consecuencias derivadas dos problemas de convivencia.
- Desenvolver estratexias de resolución de conflitos entre o alumnado e os profesionais do centro.
- Promover o diálogo como factor favorecedor da prevención e resolución de conflitos.
- Promover relacións fluidas e respectuosas entre os distintos sectores da comunidade educativa.

- Animar aos pais/nais/titores legais e ao persoal do centro a traballar xuntos ante un comportamento perturbador.

5.5.- PAUTAS DE ACTUACIÓN ANTE CONDUCTAS DISRUPTIVAS

É importante consensuar unha serie de pautas de actuación que favorezan a resolución de conflitos derivados de conductas disruptivas dun xeito educativo e pacífico, para poder concretar respostas axustadas a determinados comportamentos, tendo en conta a frecuencia e a intensidade das mesmas.

As estratexias reactivas son as que debemos empregar no momento no que se produce a conducta problemática para evitar, na medida do posible, lesións ás persoas ou danos materiais. Algunhas son máis restrictivas que outras e, en cada momento ou en cada caso, hai que valorar cal utilizar, procurando sempre aplicar a menos restrictiva posible.

- Ignorar
- Redirección, redirixindo o alumno/a cara a outra actividade
- Feedback, recordándolle á persoa o que debe facer nesa situación
- Entrenamiento, consiste en aproveitar a situación, se é posible, para practicar conductas alternativas adecuadas
- Escoita activa, consiste en manter unha actitude receptiva ante as manifestacións da persoa, axudándolle a verbalizar os motivos do seu enfado e a calmarse
- Cambio de estímulos, consiste en utilizar pola nosa parte unha conducta que sorprenda (cantar ou aplaudir, por exemplo) que de algún modo “desactive” a conducta problemática.

Outras estratexias que podemos empregar son:

- Realizar indicacións centradas na tarefa, non tanto no alumno/a
- Efectuar xestos e miradas que indiquen a conducta desexada
- Chamar a atención de forma seria e breve
- Utilizar o humor, non o sarcasmo
- Cambiar de sitio

- Retirar da zona as persoas que reforzan a mala conducta
- Tempo fora

Para ter unha resposta positiva do alumnado é conveniente manter boa relación interpersonal, empregar reforzos positivos (louvanzas verbais, recoñecemento do traballo, ánimo...) e intercalar actividades distendidas con outras de maior exigencia.

6.- AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR

6.1.- CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar do centro educativo, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei Orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, terá as seguintes:

- Elixir ás persoas representantes da comisión de convivencia.
- Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Realizar anualmente o seguemento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa.

6.2.- CLAUSTRO DE PROFESORES

O Claustro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei Orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións:

- Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia.
- Participar na avaliación anual da convivencia do centro.
- Propoñer actuacións de carácter educativo, especialmente relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

Ademais os profesores/as deberán:

- Contribuir a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade.

- Previr, detectar e correxir conductas contrarias á convivencia escolar e ás normas de convivencia no centro.

6.3.- A DIRECCIÓN

Corresponde á directora do centro, sin perxuizo do establecido no artigo 132 da Lei Orgánica 2/2006, as seguintes funcións relacionadas coa convivencia:

- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

6.4.- OUTROS PROFESIONAIS DO CENTRO

Corresponde a tódolos profesionais do centro contribuir de forma activa á mellora da convivencia, colaborando coa dirección e o profesorado no desenvolvemento do plan de convivencia e no cumprimento das normas de convivencia escolar e na prevención, detección e erradicación das conductas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de violencia.

6.5.- OS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS

Os pais/nais/titores legais contribuirán a mellora do clima educativo do centro e ao cumprimento das normas, promovendo nos seus fillos/as ou representados o respecto polas normas de convivencia, as orientacións e decisións do profesorado en relación coa convivencia escolar.

6.6.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar tódolos sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e aportacións no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguemento do citado plan
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de tódolos membros da comunidade educativa, e o cumprimento das normas de convivencia escolar do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato de tódolos membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propoñer ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.
- Propoñer, no seu caso, á persoa titular da dirección do centro, persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras, nos termos en que fosen impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar un seguemento dos compromisos de convivencia suscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na que se reflicten as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar e ao correspondente servicio territorial de inspección educativa.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

7.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia constitúese no seo do consello escolar. Está composta por un pai/nai, un profesor, un traballador de administración, un representante da titularidade e presidida pola directora do centro.

Actuará como secretario da comisión, levantando acta das reunións, a persona de menor idade.

A citada comisión informará ao consello escolar, polo menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións realizadas e das correccións e/ou medidas disciplinarias impostas.

A comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter común, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola presidenta, a iniciativa propia ou a proposta, polo menos, dunha terceira parte dos seus membros.

Por delegación do consello escolar, a comisión exercerá as seguintes funcións:

- Elaborar o plan de convivencia do centro.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de tódolos membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas ao fomento da convivencia.
- Propoñerlle ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.

7.1.- PLAN DE CONVIVENCIA

Empregaranse os seguintes procedementos para a difusión do plan de convivencia:

- Claustro de profesores
- Consello escolar
- Aula virtual do centro

Elaborarase unha memoria final do plan de convivencia que se incorporará á memoria final de curso.

CEE Aspace Coruña

Novembro 2022